



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO: Informática e administración electrónica

SECCIÓN: Administración electrónica

Expediente: 2026000025398

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O ANEXO I DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

I. ANTECEDENTES

O 28 de outubro de 2011, o Pleno da Deputación da Coruña, a proposta da Comisión de Persoal e Réxime Interior, aprobou en sesión ordinaria o “14 - Desenvolvemento da ordenanza de administración electrónica da Deputación da Coruña”, asunto que incluía, entre outros puntos:

- A aprobación do modelo de “Convenio marco de colaboración para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña polos concellos da provincia e para a xestión e administración das sedes electrónicas municipais”.
- A aprobación do modelo de acordo plenario para a creación das sedes electrónicas municipais, a delegación da súa xestión e administración e a encomenda de xestión para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de emprego público, selo e sede electrónica.

Os concellos da provincia que participaban no proxecto foron asinando o texto do convenio ao longo dos anos 2011, 2012, 2013 e 2014.

No ano 2024, por Resolución da Presidencia número 2024/19048, do 9 de maio de 2024, modificada pola Resolución da Presidencia número 2024/44645, do 31 de outubro de 2024, aprobouse un novo texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da provincia para a implantación da administración electrónica.

A cláusula segunda do modelo de convenio establece a competencia do Presidente da Deputación Provincial para revisar e actualizar, mediante resolución, o anexo I do modelo de convenio que establece o “Catálogo de solucións de administración electrónica”.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, coa competencia provincial en materia de administración electrónica en municipios de menos de 20.000 habitantes.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, no seu título preliminar (Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público) e no capítulo VI (Dos convenios) nos seus artigos 47 a 50.

Por todo isto e vista a proposta do servizo de Informática e Administración Electrónica relativa á actualización do “Catálogo de solucións de administración electrónica” que recolle o anexo I do texto do modelo de convenio,

RESOLVO:

Primeiro.- Actualizar o anexo I do modelo de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da provincia para a implantación da administración electrónica segundo a proposta do servizo de Informática e Administración electrónica, quedando polo tanto o texto definitivo do dito anexo no sentido seguinte:

“ANEXO I - CATÁLOGO DE SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Infraestrutura, plataformas e solucións tecnolóxicas:

- Portasinasaturas electrónico.
- Sala de sinaturas (persoal externo).
- Plataforma federada @firma (selos electrónicos).
- Servizos de selo de tempo TS@.
- Integración con plataforma Cl@ve.
- Rexistro (xeral, oficinas auxiliares, telemático, distribución interna, dixitalización...).
- Sistema de Interconexión Rexistral (SIR).
- Tramitador de expedientes.
- Módulo de decretos electrónicos.
- Xestión de órganos colexiados
- Módulo de contratación administrativa.
- Licitación electrónica (integración coa Plataforma de Contratación del Sector Público).
- Xestión de axudas, subvencións (externas e propias).
- Xestión administrativa de emprego público.
- Xestión administrativa de servizos sociais.
- Xestión administrativa de procedementos da área económica.
- Xestión administrativa de actividades culturais e deportivas.

- Recursos e reclamacións.
- Expedientes sancionadores.
- Tramitación administrativa da xestión urbanística.
- Plan e disciplina urbanística.
- Circulación e vía pública.
- Padrón de habitantes-xeración automatizada de certificados.
- Outros rexistros (animais, unións civís, etc).
- Xestión administrativa de facturas.
- Notificacións electrónicas.
- Arquivo electrónico.
- Interoperabilidade administrativa: asesoramento e integración.
- Rexistro electrónico de apoderamentos.
- Integración con servizos oficiais de publicación (BOE/BOE, BOP, Base de Datos Nacional de Subvenciones, etc).
- Servizos de territorio e visualización de datos espaciais.
- Sedes electrónicas: contidos e información, formularios e solicitudes, presentación, Cartafol do cidadán, etc.
- Taboleiro de edictos electrónico.
- Portal de transparencia.
- Portal de cargos electos.
- Portal de empresas.
- Portal do empregado.
- Participación cidadá.
- Portal de Gobernanza da Ciberseguridade Nacional (INES e solucións de seguridade do CCN-CERT e no marco do CSIRT.gal).
- Servizos de infraestrutura de rede e comunicacións. Rede telemática provincial.
- Outras ferramentas e servizos complementarios.

Actividades de apoio, soporte:

- Soporte técnico aos empregados municipais (en todas as plataformas anteriores e vinculadas).
- Soporte técnico á cidadanía e ás persoas usuarias das sedes electrónicas.
- Xestións administrativas relacionadas coa administración electrónica.
- Formación xeral e específica; puntual e continuada.

- Tarefas de comunicación, difusión e orientación.
- Asistencia xurídica.
- Servizos de transformación dixital e xestión do cambio.
- Oficina Técnica de Ciberseguridade Provincial. Servizos de seguridade da información, adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade e mellora continua.
- Servizos de Delegado de Protección de Datos (menores de 5.000 habitantes).
- Servizos de apoio á constitución de oficinas [Cl@ve](#) no territorio.
- Oficina de Emisión de Certificados electrónicos (de empregado público, de órgano, de sede electrónica, etc.).
- Servizos de apoio ao posto de traballo xestionado (integración no directorio, configuracións de seguridade, etc.).
- Outras tarefas de apoio e soporte complementarias.”

Segundo.- Publicar no portal de transparencia da Deputación da Coruña (Plans e programas) o “Catálogo de Solucións tecnolóxicas e Plataformas” actualizado.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.